CONCELLO
DE
MEIS

BASES REGULADORAS DO IV CONCURSO DECORACIÓN DE FACHADAS DE NADAL 2026

CONCELLO DE MEIS

O Concello de Meis ao obxecto de promover a participación dos veciños, e fomentar a convivencia e a realización de actividades en familia, convoca o concurso anual de Fachadas de Nadal 2026, con arranxo as seguintes

BASES

PRIMEIRA.- Participantes:

Poderán participar tódolos/as veciños/as de Meis; valorarase a orixinalidade, deseño, e iluminación con liberdade de estilo e forma.

SEGUNDA.- Obxecto da decoración:

Solo se permitirán decoracións relacionadas con motivos do Nadal.

TERCEIRA.- Normas de participación:

Os concursantes poderán executar as súas obras sempre que se axusten a fachada, balcón e xanela e non molesten á veciñanza. As decoracións deberán estar situadas na parte principal da fachada ou portas exteriores de cada piso, e non se permitirán para o concurso decoracións ou en patios interiores ou no interior da vivenda.

CUARTA.- Inscricións:

Cada participante, que só poderá concursar cunha fachada, terá que inscribirse no Concello de Meis en horario de 9.00h a 14.00h dende o 23 de novembro ata o 4 de decembro de 2026, ambos incluídos.

QUINTA.- Duración da campaña:

A campaña dará comezo o 8 de decembro de 2026 ata o 6 de xaneiro de 2027.

SEXTA- Xurado:

O xurado estará composto por traballadores do Concello e valorará as decoracións no transcurso da festas do nadal entre o 24 e o 31 de decembro de 2026.

SÉTIMA.- Premios:

1º PREMIO: Vale* de 150,00€ para gastar no comercio ou hostalaría de Meis.

2º PREMIO: Vale* de 80,00€ para gastar no comercio ou hostalaría de Meis.

3º PREMIO :Vale* 50,00€ para gastar no comercio ou hostalaría de Meis.

* Cada vale poderase gastar nun único establecemento.

A participación en este concurso implica a aceptación das bases e a conformidade co resultado do Concurso.

Marta Giráldez Barral (1 para 1)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 03/11/2026
HASH: fa951f5f810382004f0aaad453b59ec9

Cod. Validación: 6N29RJPNMKS4NZSLZR5FQAJHN
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2

CONCELLO
DE
MEIS

FICHA DE INSCRICIÓN

CONCURSO DECORACIÓN FACHADAS DE NADAL 2026

NOME E APELIDOS

ENDEREZO:

PERSOA DE CONTACTO:

TELÉFONO:

HORARIO:

REFERENCIA CATASTRAL DA CASA

A participación no CONCURSO DECORACIÓN DE FACHADAS DE NADAL 2026", leva implícita a aceptación íntegra das bases reguladoras da campaña que figuran ao dorso.

SINATURA,

Cod. Validación: 6N29RJPNMKS4NZSLZR5FQAJHN
Corrección: https://meis.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2